



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Cajide Hervés**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A cidadanía galega demanda cada vez a prestación de máis servizos, así como unha maior calidade na prestación dos mesmos. Sen esquecer o paulatino incremento de traballo na Administración local, é mester prestar atención específica ás dificultades económicas ás que teñen que facer fronte os concellos para dar cumprimento ás novas necesidades que lles trasladan os seus veciños e veciñas.

Por ser física e administrativamente as institucións máis próximas á cidadanía, os empregados e empregadas e cargos públicos que traballan nos concellos son quen primeiro reciben a información sobre os problemas da mesma. A elas corresponde tamén un papel fundamental á hora de axudarlles a resolvelos ou mesmo no momento de contactar con outras entidades públicas para facilitarlles unha resposta. Son os propios organismos locais os que asumen o coidado do patrimonio cultural e natural ou os que se encargan de negociar a chegada de capital dende outras institucións para a mellora destes espazos públicos. Tamén son bos sabedores da situación económica do municipio: dunha banda coñecen os potenciais e, doutra, as carencias dos sectores produtivos.

Todas as políticas dos países avanzados, entre os que se atopa o noso, están levando a cabo estratexias de desenvolvemento sustentable, nas que é imprescindible a implicación da Administración Local como aval de que a cidadanía recibe unha eficaz xestión e de que existe unha preocupación por acadar un equilibrio entre o coidado do medio e o crecemento económico.

Neste sentido, desde o inicio da actual lexislatura, o Goberno galego, e máis concretamente a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza puxo en marcha un importante labor para garantir que os concellos galegos presten servizos da calidade que demanda e merece a



Grupo Parlamentario

ciudadanía deste país. Incrementar a colaboración coa Administración Local para que esta cubra as necesidades da súa poboación debe ser un compromiso irrenunciábel para este departamento autonómico.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o anteriormente exposto, a deputada asinante formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- Cal foi a evolución das achegas da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza aos concellos galegos (datos por concello) nos anos 2004, 2005, 2006 e 2007?

2.- Cal é a previsión para o ano 2008?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2008

Asdo.: Carmen Cajide Hervés  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Cajide Hervés na data 27/06/2008 11:08:05**